



## **INFORME ANUAL DE RESULTADOS**

**Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**

**Curso Académico: 2021-22**

## 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DO INFORME

<u>1. DATOS DO PROGRAMA</u>	
Denominación do programa	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de programas interuniversitarios, universidade/s participante/s	-----
Escola responsable	Facultade de Ciencias
Centro/s Participantes	Facultade de Ciencias
Nome do/a coordinador/a do programa	María José Vázquez Vila
Correo electrónico do/a coordinador/a do programa	mariaj.vazquez.vila@usc.es
Códigos ISCED	
Curso de implantación	23 de setembro de 2010
Data acreditación ex ante (verificación)	30 de xuño de 2010
Data renovación acreditación	8 de xullo de 2015

## 2. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
1,7	11	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	<a href="#">2502236 P.Ind 2021 22</a>
			<a href="#">2502236 INF.16 2021-2022</a>
			<a href="#">2502236 INF.CIUG 2021-2022</a>
1	12	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	Codg:TítuloINF.02_2021-2022 (n/d)
1	13	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	<a href="#">2502236 P.Ind 2021 22</a>
			<a href="#">5011 INF.03 2021-2022</a>
Todos	14	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	<a href="#">2502236 P.Ind 2021 22</a>
			Codg:TítuloINF.04_2021-2022 (n/d)
			5011_INF.05_2021-2022_(n/d)
			<a href="#">2502236 INF.06 2021-2022</a>
			<a href="#">2502236 INF.07 2021-2022</a>
			<a href="#">2502236 INF.09 2021-2022</a>
			<a href="#">5011 INF.10 2021-2022</a>
			<a href="#">5011 INF.11 2021-2022</a>
			<a href="#">2502236 INF.13 2021 2022</a>
			<a href="#">2502236 INF.14 2021 2022</a>
			<a href="#">5011 INF.21 2021-2022</a>
<a href="#">2502236 INF.22 2021-2022</a>			
<a href="#">2502236 INF.23 2021 2022</a>			
3	15	Resultados dos indicadores que integran o SGC	<a href="#">2502236 P.Ind 2021 22</a>
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	<a href="#">2502236 E15 2021-2022</a>
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	<a href="#">5011 E16 2021-2022</a>

4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	<a href="#">5011_I6-I7_2021-2022</a>
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	<a href="#">5011_I6-I7_2021-2022</a>
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	<a href="#">2502236_INF.13_2021_2022</a>
			<a href="#">2502236_INF.14_2021_2022</a>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	<a href="#">5011_I10_2021_2022</a>
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	<a href="#">2502236_INF.15_2021-2022</a>
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	<a href="#">2502236_P.Ind_2021_22</a>
			<a href="#">2502236_INF.17_2021-2022</a>
			<a href="#">2502236_INF.18_2021_2022</a>
			<a href="#">2502236_INF.19_2021-2022</a>
			<a href="#">2502236_INF.SIIU_2021-2022</a>
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	<a href="#">2502236_P.Ind_2021_22</a>
			<a href="#">2502236_INF.CIUG_2021-2022</a>
7	I14	Resultados de inserción laboral	<a href="#">2502236_EIL-SIIU_2021-2022</a> <a href="#">2502236_EIL-ACSUG_2021-2022</a>
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	<a href="#">2502236_P.Ind_2021_22</a> <a href="#">2502236_MedUSC_2021-2022</a>

### 3. ANALISE (Cumprimento do proxecto establecido):

#### Dimensión 1. A xestión do título

Analizarase a organización e desenvolvemento do plan de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. Analizarase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese, así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, e realizar o oportuno seguimento das accións de mellora .

#### ■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

##### Antecedentes

O Decreto 222/2011 sinala que as ensinanzas universitarias oficiais de grao deberán contar cun número anual de estudantes de novo ingreso igual ou superior a 45 alumnos nos campus periféricos como é o caso do Campus Terra. O GEPQI presentou un Plan de Viabilidade por non cumprir cos requisitos antes mencionados. Neste Plan, que foi aprobado pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia o 30 de outubro de 2015, contéplase compartir 90 ECTS nos dous primeiros cursos cos títulos de Grao en Enxeñaría Civil e Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía, tamén do Campus de Lugo.

No caso do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI), de acordo cos procesos e procedementos do SGC, aproveitouse esta circunstancia para incorporar a memoria do título tódalas modificacións non substanciais realizadas ata o momento, así como tódalas recomendacións e suxestións que ao respecto foran efectuadas pola subcomisión de avaliación no proceso de Renovación da Acreditación.

**Seguimento do Plan de Viabilidade:** O 30 de xaneiro de 2017 a Xunta de Facultade aprobou o autoinforme de Seguimento do Plan de Viabilidade elaborado pola Comisión de Título correspondente ao curso 2015-16. A Comisión de Avaliación de Plans de Viabilidade, como resultado da avaliación do autoinforme e do cumprimento dos obxectivos do Plan de Viabilidade, emitiu un Informe de Seguimento en termos favorables con data 28 de xullo de 2017.

No comezo do curso 2017-2018, o novo plan de estudos do GEPQI atopouse en fase de implantación e tódolos detalles relativos ao Plan de Viabilidade e o seu seguimento poden consultarse no seguinte enlace:

[https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/HKI0ECKV7C7LPUh9xpfSE3KDK0bqWNnZMQLetCC3IVI/1621930672/public/documents/2021-05/GEPQI\\_MEMORIA\\_PLAN\\_DE\\_VIABILIDADE.pdf](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/HKI0ECKV7C7LPUh9xpfSE3KDK0bqWNnZMQLetCC3IVI/1621930672/public/documents/2021-05/GEPQI_MEMORIA_PLAN_DE_VIABILIDADE.pdf)

De acordo co Plan de Viabilidade, no curso 2017-18, estaba prevista a oferta do dobre grao en Enxeñaría Civil e Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais. A Secretaría Xeral de Universidades (SXU) non permitiu levar a cabo a implantación do dobre título polo que o desenvolvemento do Plan de Viabilidade quedou truncado.

Na publicación do “Mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia”, en outubro de 2017 o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais non estaba afectado nin por duplicidade nin por baixa demanda, como mostran os resultados reflectidos nos Informes de cumprimento do Plan de Viabilidade. Sen embargo, esta publicación tivo repercusión para o Centro e fixo necesario reflexionar máis profundamente sobre a misión da Facultade.

**Grao Aberto:** O 20 de novembro de 2019, a Secretaría Xeral de Universidades anunciou a posibilidade de ofertar graos abertos no SUG e as características e condicións que debían cumprir para poder ser ofertados no curso 2020-2021.

A Facultade de Ciencias, xunto coa Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, ambas do Campus de Lugo, decidiron entón ofertar o Grao Aberto 5USC Enxeñarías, no que participan os graos en Enxeñaría Civil, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, Enxeñaría Agrícola e Agroforestal, Robótica e Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais.

A USC aprobou a memoria deste grao aberto o 22 de abril de 2020, e a Xunta de Galicia aprobou a súa implantación no curso 2020/2021. Compre dicir que o grao aberto completou todas as prazas ofertadas no ano da súa implantación.

No curso 2021-2022, na Xunta de Facultade, na sesión ordinaria do 5 de abril de 2022, apróbase a modificación do Grao Aberto 5USC Enxeñarías para o curso 2022-2023. Modificarase o Grao Aberto en dúas cuestións, elimínase a participación do Grao en Robótica e redúcese de 90 ECTS a 60 ECTS. A modificación da memoria do Grao Aberto 5USC Enxeñarías, foi aprobada no Consello de Goberno, na sesión ordinaria do día 28 de abril de 2022, pasando a denominarse Grao Aberto USC Enxeñarías. En consecuencia, a partires do curso 2022- 2023 o Grao Aberto 5USC Enxeñarías pasará a estar en Extinción.

### **Plan de continxencia para o desenvolvemento da docencia no curso 2021/2022**

No curso 2021-2022 establécese un plan de continxencia para o caso no que a pandemia obrigase a un peche ou diminución da docencia presencial. Mención a este plan incluíuse en todas as guías docentes do título. No documento do **“Plan de continxencia para o desenvolvemento da docencia no curso 2021/2022”** márcanse tres escenarios:

- Escenario 1. Normalidade adaptada (sen restricións á presencialidade física).
- Escenario 2: Distanciamento (restricións parciais á presencialidade física).
- Escenario 3: Peche das instalacións.

Neste curso dispoñiamos de equipos e material que se comprara para o curso 2020-2021 como apoio á docencia, que foi utilizado nos casos que se precisou. Sen embargo, o curso transcorreu sen ningunha incidencia importante, máis que o de levar máscara (obrigatoria ata o mes de abril) e aplicar os protocolos sanitarios establecidos.


### **Perfil de ingreso**

No curso 2021/2022 houbo 96 solicitudes, e foron admitidos 39 estudantes. Finalmente, iniciaron os estudos no grao 33 estudantes (un 79% dos admitidos). Todos eles empezaban estudos na universidade, 26 procedían do Bacharelato e 7 de Formación Profesional (IN03G).

Segundo os datos proporcionados pola CIUG (2502236\_(L)\_INF CIUG\_2021-2022), das solicitudes presentadas, 25 elixiron este grao en 1ª opción. Estes datos tamén revelan que entre os novos estudantes matriculados no grao a porcentaxe de mulleres é do 63% (IN04G), maior á proporción global de mulleres no título (52% mulleres, IN02G), e un valor moi superior ao 28,5% de media estatal que para os estudos de enxeñaría indican os datos do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU).

Os datos da CIUG amosan tamén que a nota media de acceso desta cohorte de estudantes foi de 8,84 (sobre 14), mentres que os estudantes procedentes de Formación Profesional accederon cunha nota media de 7,61. A nota media é superior a 6 no 97% dos estudantes admitidos.

En todo caso, a variación da matrícula de inicio de estudos respecto ó curso anterior é do 26,9%, de aí que, tal e como reflexa o gráfico seguinte, os datos xerais de matrícula amosen certa estabilización en torno a un valor medio de case 30 estudantes por ano.



Evolución dos datos de matrícula nos derradeiros cinco anos.

### Perfil de egreso

Para este curso, ao igual que no curso pasado, non hai novos datos dispoñibles de ningún dos aspectos e indicadores correspondentes ao perfil de egreso. Os derradeiros datos (egresados no 2013-14) xa foron analizados no informe e memoria de calidade do centro correspondente ao curso 2018-2019.


### Evolución do número de estudantes de novo ingreso

Tal e como se mostra na figura seguinte, no curso 2021-2022 o número de novos estudantes incrementábase nun 26,9% (IN05G), respecto ao curso anterior. Hai que ter en conta que entre os estudantes de primeiro curso atópanse tamén os que pertencen o grao aberto 5USC Enxeñaría matriculados en materias do GEPQI, que posteriormente continúan o seus estudos neste título.

Resulta importante destacar tamén que os datos da CIUG parecen indicar que o interese polo título é cada vez maior, xa que a relación do número de solicitudes por cada praza ofertada na cota xeral aumenta con respecto aos anos anteriores chegando a 2,5, así, para as 38 prazas ofertadas na cota xeral houbo 95 solicitudes. Das solicitudes recibidas para o Grao, 25 foron en primeira opción (26%) e o 68% destes estudantes matricularonse no título.

No curso 2021-2022 pódese resaltar que houbo 33 estudantes de novo ingreso matriculados para un número de prazas ofertadas na cota xeral de 38, esta relación representa que un 87% das prazas ofertadas na cota xeral foron cubertas. A taxa de ocupación (IN12G) ascende ao dende o 57,8 ata o 73,3%

Por último, indicar que un 4,03% dos estudantes de nova matrícula no Grao de Procesos Químicos Industriais, no curso 2021-2022, son estudantes nacionais de fóra de Galicia. En canto a distribución dentro de Galicia, seguen sendo os alumnos procedentes da zona norte os que cobren as prazas en maior porcentaxe, case nun 90%.



Evolución do número de estudantes que acceden ó título.

## ■ Criterio 2. Información e transparencia

A vontade do centro (xa expresada no seu plan de calidade) respecto da información pública e a transparencia da información do GEPQI, é continuar coa mesma política xa aplicada noutros títulos do centro, consistente en publicar e facer accesible toda a información dispoñible a través da web do centro, práctica xa habitual na Facultade de Ciencias

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias>

A información total referida ao título atópase de xeito público e accesible na páxina web do centro, en concreto nos enlaces para os graos:

- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI):  
<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/enxenaria-arquitectura/grao-enxenaria-procesos-quimicos-industriais>
- Grao Aberto 5USC Enxeñarías (5USC):  
<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/enxenaria-arquitectura/programa-grao-aberto-5usc-enxenarias>

Entre a información dispoñible hai datos sobre o plan de estudos, os indicadores de calidade ou o equipo docente, tal e como se amosa na imaxe seguinte.



**Estudos / Graos / Enxeñaría e Arquitectura**

# Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

**Tipo** Presencial  
**Área** Enxeñaría e Arquitectura  
**Centro(s)** Facultade de Ciencias  
 Avda. Alfonso X O Sabio,  
 s/n, 27002  
 Lugo  
 fcdeta@usc.es  
**Campus** Lugo



[Admisión e matrícula](#)

[Normativa](#)

[Bolsas e axudas](#)

Esta titulación capacita para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial, e ten como obxectivo a formación de persoas capaces de dar resposta ás necesidades no ámbito da transformación de materias primas, produtos naturais e da actividade industrial, así como o desenvolvemento de proxectos

**Presentación**

**Plan de estudos por curso**

**Plan de estudos por módulos**

**Oferta e admisión**

**Recursos materiais**

**Obxectivos e competencias**

**Mobilidade e prácticas**

**Saídas profesionais**

**Traballo de Fin de Grao**

**Curso ponte**

**Equipo docente**

**Indicadores de calidade**

**Duración:** 4  
**Prezo/curso (aprox.):** UE: 13,93 € / crédito  
 Non UE: 86,17 € / crédito  
**Número prazas:** 45  
**Nota de corte no curso precedente:** 5,396  
**Responsable do título:**  
 FRANCISCO JOSE FRAGA LOPEZ  
**Coordinador-a do título:**  
 María José Vázquez Vila  
[mariaj.vazquez.vila@usc.es](mailto:mariaj.vazquez.vila@usc.es)  
**Linguas de uso:**  
 Castelán, Galego  
**Universidade coordinadora:**  
 Universidade de Santiago de Compostela  
**Universidade(s) participante(s):**  
 Universidade de Santiago de Compostela  
**Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia:**  
**Decreto 150/2010 do 16 de setembro (DOG 23/09/10)**  
**Data de publicación no BOE:**  
**22/02/2011 (mod. 11/10/2017)**  
**Data da última acreditación:**  
**08/07/2015**

**Memoria do título**

Esta titulación capacita para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial.

A titulación persegue como obxectivo xeral a formación de persoas capaces de darel resposta ás necesidades reais da sociedade no ámbito da transformación de materias primas, produtos naturais e da actividade industrial no sentido máis amplo, na que se inclúen a industria química e petroquímica, farmacéutica, alimentaria, téxtil, ambiental e outras afíns.

Os contidos desta páxina actualizáronse o 23.09.2021.

Páxina web do GEPQI (Curso 2021-2022)

Estudos / Graos / Enxeñaría e Arquitectura

## Programa de Grao Aberto “5USC Enxeñarías”

Nova oferta

<b>Tipo</b>	Presencial
<b>Área</b>	Enxeñaría e Arquitectura
<b>Centro(s)</b>	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría Rúa Benigno Ledo, 27002 Lugo eps.secretaria.direccion@usc.es
	Facultade de Ciencias Avda. Alfonso X O Sabio, s/n, 27002 Lugo fcdeca@usc.es
<b>Campus</b>	Lugo



 Admisión e matrícula

 Normativa

 Bolsas e axudas

O Grao Aberto “5USC Enxeñarías” é unha opción novedosa en España que permite aos estudantes comezar a súa formación universitaria escollendo libremente materias de 5 graos diferentes durante o primeiro e segundo ano de carreira para despois decidirse por unha titulación concreta no ámbito da enxeñaría.

Esta opción facilita coñecer aspectos básicos de distintas disciplinas durante os primeiros anos e, despois permite ao alumnado a posibilidade de seguir o itinerario do grao que mellor se adapta a súas expectativas laborais e formativas.

### Presentación

#### Plan de estudos por curso

#### Plan de estudos por módulos

#### Equipo docente

**Duración:** 3 semestres (1,5 cursos); despois se accede ao grao de destino segundo o itinerario seguido por cada estudante.

**Prezo/curso (aprox.):** UE: 13,93 € / crédito  
Non UE: 86,17 € / crédito

**Número prazas:** 10

**Nota de corte no curso precedente:** -

**Responsable do título:**

FRANCISCO JOSE FRAGA LOPEZ

**Linguas de uso:**

Castelán, Galego

**Universidade coordinadora:**

Universidade de Santiago de Compostela

**Universidade(s) participante(s):**

Universidade de Santiago de Compostela

Páxina web do Grao Aberto 5USC Enxeñarías (Curso 2021-2022)

### ■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade e revisión do plan de melloras do curso anterior

O Sistema de calidade do GEPQI está incorporado no Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Ciencias, que alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas vinculadas a el (alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos). En conxunto, o SGC da Facultade de Ciencias contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

Os órganos de goberno, comisións e responsables que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, as Comisións de Título (entre elas a Comisión académica do GEPQI), a Responsable de Calidade do Centro e os Coordinadores de Título (entre eles o coordinador do GEPQI). As funcións de todos eles, relacionadas co desenvolvemento do SGC, poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade (6ª edición) accesible desde a páxina Web da Facultade de Ciencias.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Ciencias elaborou o seu Sistema de Garantía de Calidade, como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese. O deseño do mesmo foi avaliado positivamente pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia con data 30 de maio de 2012, emitíndose certificación o 13 de decembro de 2012. Posteriormente, fóronse levando a cabo actualizacións para adaptalo aos cambios producidos tanto a nivel do propio Centro como da USC.

A Facultade de Ciencias renovou a acreditación de todos os seus títulos de grao e máster implantados o 8 de xullo de 2015. Durante o curso 2016-17, o Centro someteuse ao procedemento de Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade, o que supuxo un profundo proceso de modificación e de revisión do mesmo. A Facultade de Ciencias obtivo con data 25 de xuño de 2018 a Certificación de Implantación do SGC con validez ata o ano 2023. En canto á Acreditación Institucional, o 30 de outubro de 2018 obtívose Informe favorable de Acreditación Institucional da ACSUG e o Consejo de Universidades por Resolución do 28 de xaneiro de 2019 declarou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias, que deberá renovarse antes do transcurso de 5 anos.

A documentación do Sistema de Garantía de Calidade da USC pódese consultar no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/calidade/documentacion-sgc>

Compre subliñar, que no curso 2019-20, a facultade de Ciencias elaborou e aprobou o seu **Plan Estratéxico Ponte e Plan de Mellora Anual 2020-2022**, que logo dun análise da situación do centro, recolle as accións e liñas estratéxicas a desenvolver nos primeiros dous anos e as accións de mellora a levar adiante consonte o análise realizado polas Comisión de Calidade. O plan está dispoñible publicamente no enlace:

<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/IXjJF7RMxKDOqPzsP21IkJnB8cnY75gGunhb3b9bSJY/1621337336/public/documents/2021-05/Plan-Estrat-Ponte-e-Plan-de-Mellora-Anual-FacCiencias.pdf>

O informe de resultados do 2020-2021 recolle que, tendo en conta a traxectoria do GEPQI e da experiencia da Facultade na xestión dos seus títulos e no seu Sistema de Garantía de Calidade, a Comisión de Título propuxo solicitar para o curso 2021-22 a obtención do selo EUR-ACE de Enxeñaría dentro do Programa de Selos Internacionais de Calidade (SIC) de ANECA. Esta proposta incluíuse como unha acción de mellora no marco da xestión do título (dimensión 1) e do criterio 3 (Sistema de garantía de calidade) e incorporouse no Plan de

melloras do centro (**AMF21-22-1**). Esta acción de mellora atópase finalizada. No proceso de acreditación traballouse dende o mes de xaneiro do 22 ata fin do curso 2021-2022.

Para o curso 2022-2023 non se propón ningunha acción de mellora, a maiores das que xa estaban contempladas no Plan de Mellora Anual 2020-2022 derivadas do Plan Estratéxico Ponte.

## Dimensión 2. Recursos humanos

Analizarase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio, así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles para garantir a consecución dos resultados definidos polo título

### ■ Criterio 4. Recursos Humanos

#### PDI

O PDI que imparte docencia no GEPQI está adscrito aos departamentos que de seguido se relacionan, xunto co número de profesores en cada caso.

Departamento	Nº de profesores
Electrónica e Computación	1
Enxeñaría Agroforestal	5
Enxeñaría Química	5
Estatística, Análise Matemática e Optimización	3
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	2
Física Aplicada	4
Matemática Aplicada	3
Organización de Empresas e Comercialización	2
Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría	1
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina	2
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	2
Química Física	4
Química Inorgánica	2
Química Orgánica	2

A tipoloxía do profesorado é axeitada cun alto predominio de profesorado con vinculación permanente, sexa funcionario ou contratado, a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total é 62,5% GEPQI e 57,8% na USC. Ademais conta cunha experiencia docente e traxectoria investigadora destacada, tal e como pode verse na relación de quinquenios docentes e sexenios de investigación que se acompaña por área de coñecemento (PDI con sexenios sobre PDI total 87,1% no GEPQI e 85,9% na USC).

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO				
Título: Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais		Centro: Facultade de Ciencias [L]		RUCT: 2502236
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	3	7.89%	184.0	3.7%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	3	7.89%	286.0	5.75%
Profesor/a: Colaborador	1	2.63%	156.0	3.13%
Profesor/a: Colaborador Doutor	1	2.63%	96.0	1.93%
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	2	5.26%	358.0	7.19%
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	5	13.16%	1200.0	24.11%
Profesor/a: Profesor Interino/a substitución	1	2.63%	114.0	2.29%
Profesor/a: Titular de Universidade	22	57.89%	2584.0	51.91%
<b>Total general</b>	<b>38</b>	<b>100.0%</b>	<b>4978.0</b>	<b>100.0%</b>

PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA				
Título: Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais		Centro: Facultade de Ciencias [L]		RUCT: 2502236
Departamento	Área	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora
Electrónica e Computación	[075] Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	1	5	1
Enxeñaría Agroforestal	[305] Expresión Gráfica da Enxeñaría	2	8	0
	[500] Enxeñaría Agroforestal	3	14	0
Enxeñaría Química	[555] Enxeñaría Química	5	16	9
Estatística, Análise Matemática e Optimización	[265] Estatística e Investigación Operativa	3	5	1
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	[310] Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	2	9	8
Física Aplicada	[385] Física Aplicada	4	20	13
Matemática Aplicada	[595] Matemática Aplicada	3	15	7
Organización de Empresas e Comercialización	[650] Organización de Empresas	2	5	0
Produción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría	[720] Proxectos de Enxeñaría	1	3	2
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina	[615] Medicina Preventiva e Saúde Pública	2	0	0
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	[750] Química Analítica	2	11	5
Química Física	[755] Química Física	4	20	14
Química Inorgánica	[760] Química Inorgánica	2	9	7
Química Orgánica	[765] Química Orgánica	2	12	11
<b>Total general</b>		<b>38</b>	<b>152</b>	<b>78</b>

Por outra banda, no curso 2021-2022 a porcentaxe de profesorado do GEPQI que participou en actividades de formación (Informe 5011\_I6-I7\_2021-2022) foi do 9,30%, esta porcentaxe é moito máis baixa que nos dous cursos anteriores, e podería deberse a que neses cursos, debido á pandemia, o profesorado fixo formación, sobre todo nas tecnoloxías de docencia non presencial.

## PAS

En canto ao persoal de administración e servizos, contase coa dotación adscrita á Facultade de Ciencias e aos servizos directamente vinculados coa titulación que se indican na táboa seguinte:

### Cadro de persoal de Administración e Servizos

E-16 Información sobre o persoal de apoio. Facultade de Ciencias. Curso 2021-2022				
Número	Unidade	Escala/Categoría	Denominación posto	Antigüidade (no posto e escala)
1	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	15 ano(s), 5 mes(es) e 0 día(s)
2	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	18 ano(s), 10 mes(es) e 0 día(s)
3	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	RESPONSABLE PTO. ATENCION INFORM E SERVICIOS	14 ano(s), 1 mes(es) e 26 día(s)
4	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX TEC. SERVICIOS	5 ano(s), 5 mes(es) e 1 día(s)
5	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX TEC. SERVICIOS	6 ano(s), 4 mes(es) e 16 día(s)
6	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX TEC. SERVICIOS	8 ano(s), 8 mes(es) e 10 día(s)
7	SECRET. DECANATO CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	SECRETARIA DE DECANATO	21 ano(s), 0 mes(es) e 27 día(s)
8	UNI. XEST. CENTRO DEP. CIENCIAS	E. de xestión-administración	RESPONSABLE UNIDADE	0 ano(s), 1 mes(es) e 21 día(s)
9	UNIDADE AA. EE. CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	RESPONSABLE ASUNTOS ECONOMICOS	14 ano(s), 1 mes(es) e 19 día(s)

Os distintos membros do PAS prestan os seus servizos para o bo funcionamento do centro nos seus ámbitos propios de competencia. E quizais a única aclaración debe ser a adicada ao persoal Técnico de Investigación. Os técnicos de investigación, así definidos na Lista de Postos de Traballo da USC, constitúen o persoal de apoio técnico aos laboratorios prácticos e entre as súas funcións podemos destacar as dúas seguintes:

#### 1. Xestionar a actividade de laboratorio:

- Actuar baixo as regras de boas prácticas, aplicar as principais medidas de seguridade, hixiene e protección ambiental no laboratorio, fundamentalmente no referido ao procesamento e eliminación de residuos.
- Actualizar a documentación para unha rápida consulta, así como a distribución e actualización da documentación técnica para o seu uso no laboratorio.
- Realizar tarefas de limpeza e mantemento de materiais e equipamentos e realizar as reparacións básicas necesarias e comunicar avarías importantes.
- Afinar e calibrar os equipos existentes nos laboratorios para realizar as diferentes análises.
- Xestionar os recursos do laboratorio e controlar as existencias.
- Prestar soporte técnico aos usuarios e instruírles sobre o uso do equipo.
- Realizar probas de identificación, medición e análises.

## 2. Apoio á docencia

- Proporcionar soporte técnico para a programación de clases prácticas.
- Colaborar no desenvolvemento de clases prácticas baixo a dirección do profesor.
- Demostrar como manexar o equipo.

O persoal PAS é un colectivo comprometido coas súas tarefas. Nas enquisas de satisfacción do PAS co seu traballo, amósase un bo resultado cunha valoración media de 4,8 sobre 5 (5011\_INF.21\_2021\_2022) que confirma o dito anteriormente.

Ademais este colectivo continúa participando no plan de formación durante o curso 2021-22 (Informe 5011\_I6-I7\_2021-2022), aínda que esta diminuíu lixeiramente (66,67% fronte ao 77,78% do curso anterior).

Por tódolos aspectos mencionados anteriormente considérase que o cadro de persoal resulta ser axeitado e suficiente para as tarefas a desenvolver no GEPQI e ademais a súa cualificación e adicación e moi apropiada aos fins do título.

### ■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

A Facultade de Ciencias, onde se desenvolve a docencia do GEPQI, dispón de instalacións, recursos materiais e servizos axeitados para o desenvolvemento da actividade docente e discente do grao. A Facultade dispón, en ámbolos dous edificios que a compoñen, de puntos de acceso para persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade e conta con prazas de aparcamento reservadas a tal efecto.

Dispónse de rede wifi na totalidade do centro, o que permite utilizar como zonas de traballo non so as salas de lectura senón tamén lugares habilitados con mesas e tomas de corrente ao longo de todo os edificios, o que se considera de gran importancia xa que o alumnado fai uso de plataforma web para dispoñer de materias docente, exemplos de exames, prácticas, exercicios que debe cumprimentar on-line, etc..

Durante o curso 2020-2021, derivado da implantación de novas titulacións a Facultade levou a cabo unha modificación dos laboratorios de prácticas coa dotación de mobiliario e infraestruturas para ampliar a capacidade docente interactiva de laboratorio. Así na actualidade dispónse, de 12 laboratorios docentes de prácticas completamente equipados co material necesario para a realización das mesmas distribuídos no edificio de laboratorios. Entre o resto de locais da Facultade compre destacar unha aula de lectura con acceso a rede wifi.

Ademais dos laboratorios tamén se construíron 4 novas aulas, existindo actualmente 16 aulas habilitadas para a docencia que dispoñen dos seguintes recursos: 1 ordenador, 1 proxector de vídeo, pantalla táctil de proxección ou pantalla de proxección, 1 encerado, conexión a Internet, rede wifi dispoñible para o alumnado e o profesor.

Durante o curso académico 2020-21 tamén se habilitou unha nova aula de informática para a docencia interactiva, polo que, na actualidade, dispónse de 4 aulas de informática equipadas cada unha delas con 20 ordenadores para os alumnos e un para o profesor, con conexión a internet e rede wifi. Dúas destas aulas teñen taboleiros dixitais.

No campus lucense, os recursos bibliotecarios, tanto fondos como postos de lectura, están centralizados na denominada Biblioteca Intercentros, que presta servizos ás titulacións existentes no campus de Lugo (agás Fac. Formación de profesorado que conta con Biblioteca propia). Segundo datos facilitados pola USC, a Biblioteca Intercentros dispón de 1715 postos de lectura, o que significa unha dispoñibilidade de postos de lectura en bibliotecas por estudante equivalente a tempo completo no campus de pero de 0,50 postos/alumno. En canto aos fondos bibliográficos dispoñibles, nesta instalación cóntase con máis de 100.000 monografías 250 publicacións periódicas activas e outros recursos non libraríos (mapas, cd's, fotografías, etc.). ademais existe dispoñibilidade de máis 500 outras publicacións periódicas en formato electrónico na USC, accesibles desde calquera punto de conexión da rede da USC, nos seus dous campus.

Débase subliñar que os diferentes grupos de interese amosan un alto grao de satisfacción cos recursos e servizos. En todos os casos ás preguntas da enquisa de satisfacción que se refiren aos medios materiais son contestadas con media superiores a 4/5. Con respecto da mellora de instalacións da Facultade de Ciencias, para a actualización e mantemento dos medios audiovisuais, informáticos, etc., compre sinalar que ao longo dos últimos anos, a Facultade ven participando de forma continuada nas convocatorias de accións de mellora promovidas pola sucesivas Vicerreitorías con competencias en materia de calidade. Froito desas accións, en cada curso académico vaise actualizando e renovando as infraestruturas e o equipamento docente (material informático, medios audiovisuais, sistemas de proxección, equipos de laboratorio, software específico, etc...) en función das necesidades de cada titulación.

Durante o curso 2021-22 continuouse coa adquisición de equipamento e infraestruturas docentes no marco do Convenio de financiamento da Xunta de Galicia nas Facultades e Centros de SUG (incorporouse á dotación docente entre outro equipamento un espectrofluorímetro e unha balanza analítica con kit de densidades).

No curso 2020-21, no que unha parte da docencia tivo que levarse a cabo de forma telemática por imperativo de saúde pública, as infraestruturas informáticas e os servizos relacionados con elas tiveron unha importancia capital á hora de proporcionar rapidamente ferramentas axeitadas para este fin. O feito de dispor na USC das packages Microsoft, integrando entre eles a videoconferencia TEAMS, supuxo que a posibilidade de incluír docencia on-line de forma rápida e eficiente fose perfectamente posible. Por iso durante o curso 2020-21 a Facultade de Ciencias levou a cabo dúas accións de mellora (**AMF2021-4**) para instalar novo equipamento para á docencia on-line e ao mesmo tempo incrementar a formación do profesorado neste eido (**AMF2021-2**). Neste senso fixéronse melloras nas aulas, tales como a instalación de cámaras automáticas de seguimento que permiten a retransmisión da clase en directo a aqueles alumnos que, por mor de sufrir contaxio con COVID-19, tiveran que respectar períodos de confinamento, facilitando a asistencia on-line deste alumnado para corrixir as posibles carencias na docencia expositiva e interactiva.

Durante o curso 2021-22 a Facultade de Ciencias levou a cabo unha acción de mellora (**AMF2122-8**) na que se incluíu a instalación de novas infraestruturas, así como á adquisición de material e equipamento como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución (melloras nas aulas de informática, fabricación dunha campá de extracción de gases, reparacións de equipos, etc).

### **Dimensión 3. Resultados**

Analizaranse os resultados do título e a evolución que estes tiveron durante o desenvolvemento do mesmo. Neste sentido, analizaranse os mecanismos establecidos pola universidade para comprobar a adecuada adquisición, por parte dos estudantes, das competencias inicialmente definidas para o título, é dicir, o cumprimento dos resultados de aprendizaxe que definen o perfil de egreso. Tamén se analizará a evolución dos diferentes indicadores de resultados académicos, profesionais (empregabilidade) e persoais (satisfacción coa formación recibida).

#### **■ Criterio 6. Resultados do programa formativo**

No curso 2021-2022 continúaase aproveitando os medios telemáticos que foron ampliados na pandemia tanto na docencia expositiva como interactiva.

Na táboa seguinte amósase a evolución dos principais indicadores do título:

GRADO EN INGENIERÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIALES - INDICADORES Y DATOS								
Indicador		Curso	17-18	18-19	19-20	20-21	21-22	
<b>Matrícula e Perfil de Ingreso</b>	IN01G Prazas ofertadas		50	50	45	45	45	
	IN02G Matrícula	Total	117	116	110	117	124	
		Total Mujeres	59	61	57	59	64	
	IN03G Matrícula de acceso		27	25	20	27	33	
		Bachillerato	22	23	16	24	23	
		Formación Profesional	0	1	3	2	7	
		Curso Puente	0	0	0	0	0	
		Otros	5	1	1	1	3	
	IN04G Matrícula de novo ingreso por preinscripción		24	24	20	26	33	
	IN05G Variación matrícula de novo ingreso por preinscripción(%)		-46,7	0,0	-16,7	30,0	26,9	
	IN06G Nota media de acceso por preinscripción		7,39	8,21	7,35	8,05	8,55	
	IN07G Porcentaxe de estudantes que accede al título con puntuación igual o superior a 6		78,26	86,36	78,95	88,46	96,67	
	IN08G Porcentaxe de estudantes extranxeros		1,7	0,9	0,9	3,4	4,0	
		Total estudantes extranxeros	2	1	1	4	5	
	IN09G Porcentaxe estudantes españoles no gallegos		3,4	5,2	4,5	5,1	4,0	
Total estudantes no gallegos		4	6	5	6	5		
IN10G Porcentaxe de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados sobre prazas ofertadas		34,0	22,0	33,3	15,6	37,8		
	Total matriculados en 1ª opción	17	11	15	7	17		
IN12G Taxa de ocupación (%)		48,0	48,0	44,4	57,8	73,3		
<b>Movilidad (Programas intercambio)</b>	IN17G Porcentaxe de estudantes enviados		0,0	1,7	0,0	—	—	
	Total estudantes enviados		0	2	0	—	1	
<b>Prácticas en empresas)</b>	IN18G Porcentaxe de estudantes recibidos		5,1	6,0	0,0	0,0	1,6	
	Total estudantes recibidos		6	7	0	0	2	
<b>Prácticas en empresas)</b>	IN16G Satisfacción dos estudantes recibidos		4,50	—	—	—	—	
	IN22G Porcentaxe de estudantes egresados que realizaron prácticas en empresas		62,5	88,9	63,6	71,4	53,9	
	Titulados que fixeron prácticas		10	16	7	10	7	
<b>Recursos Humanos</b>	Total de titulados		16	18	11	14	13	
	IN24G Porcentaxe de PDI con sexenios		87,8	89,7	89,7	87,9	87,1	
<b>Recursos Materiales</b>	IN25G Porcentaxe de PDI doctor		87,2	87,2	85,1	80,5	85,0	
	IN26G Porcentaxe de PDI funcionario		63,8	55,3	55,3	63,4	62,5	
	IN30G Estudantes por profesor		—	—	—	—	—	
<b>Estudiantes por grupo</b>	Ordenadores para docencia		70	70	70	100	100	
	Ordenadores para docencia por estudante		0,6	0,6	0,6	0,9	0,9	
	Ordenadores no para docencia		17	17	17	17	17	
	Ordenadores no para docencia por estudante		0,1	0,1	0,2	0,1	0,1	
<b>Estudiantes por grupo</b>	IN31G Estudantes por grupo de docencia de teoría		26,57	27,29	26,57	-	-	
	IN32G Estudantes por grupo de docencia interactiva		19,66	18,52	17,65	21,64	21,35	



GRADO EN INGENIERÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIALES - INDICADORES Y DATOS							
Indicador		Curso	17-18	18-19	19-20	20-21	21-22
Satisfacción (de 1 a 5)	IN46G Estudiantes coa docencia recibida		3,71	3,82	3,72	3,76	3,77
	IN48G Taxa de resposta en IN46G (%)		39,7	44,2	39,4	26,4	10,6
	IN47G Profesores coa docencia impartida		3,79	4,32	4,03	4,02	4,21
	IN19G Estudiantes coas prácticas externas		4,57	4,78	---	4	4,50
	IN20G Tutores profesionais coas prácticas externas		4,26	4,25	---	---	4,00
	IN21G Tutores académicos coas prácticas externas		4,80	4,75	---	4,6	4,75
	IN42G Egresados coa titulación ( <i>sen desagregar por títulos</i> )		3,12	3,78	---	3,39	3,32
Resultados do Título	IN34G Taxa de Rendemento (%)		60,9	65,6	74,8	63,1	62,8
	Taxa de rendemento por curso	1º	45,7	60,2	68,3	50,5	51,5
		2º	48,7	54,1	66,4	43,8	51,6
		3º	90,1	73,1	83,1	78,8	78,2
		4º	96,7	93,3	92,9	90,5	81,7
	IN35G Taxa de Éxito (%)		67,5	74,8	82,0	69,9	72,4
	Taxa de éxito por curso	1º	55,4	71,1	79,2	55,8	62,2
		2º	52,6	64,5	72,6	51,1	58,3
		3º	91,9	76,2	86,7	84,9	80,2
		4º	100,0	100,0	100,0	96,6	99,5
	IN36G Taxa de Avaliación (%)		90,2	87,7	91,2	90,2	86,8
	Taxa de avaliación por curso	1º	82,4	84,7	86,3	90,5	82,8
		2º	92,7	83,8	91,5	85,6	88,5
		3º	98,0	95,9	95,9	92,8	97,5
		4º	96,7	93,3	92,9	93,7	82,1
	IN38G Duración media dos estudos (anos)		4,7	4,7	4,5	4,8	5,9
	IN39G Eficiencia dos titulados		---	---	---	---	---
IN37G Taxa de Graduación		33,3	50,0	32,0	27,0	20,8	
IN40G Taxa de Abandono durante o primeiro curso (%)		36,0	24,3	16,7	0,0	17,7	
IN41G Taxa de Abandono RD 1393 (%)		27,8	35,0	48,0	35,1	37,5	
IN50G Taxa de Éxito dos egresados		86,0	84,9	90,2	88,0	77,0	
IN53G Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (%)		86,0	84,9	90,2	86,6	75,0	
IN51G Taxa de Idoneidade na graduación		11,1	30,0	28,0	10,8	19,1	

### Taxas de Rendemento, Éxito e Avaliación:

En canto aos valores globais do título, pódese apreciar que con respecto ao curso pasado, obsérvase que o valor medio das taxas de rendemento (62,8%) e avaliación (86,8%) diminuíron un pouco, mentres que a taxa de éxito (72,4%) aumentou lixeiramente. Este comportamento indica que os alumnos descartaron presentarse a algunha materia nas que estaban matriculados e polo tanto a taxa de éxito aumentou con respecto a o ano pasado e a súa vez diminuíron as de rendemento e avaliación. Aínda que os cambios non son significativos, pois os valores de ditas taxas están na media dos últimos 5 anos.

No que se refire aos valores desagregados por curso, o 4º curso segue coas tendencias aos valores máis elevados, se ben as taxas de éxito son do 99,5%, pero as outras taxas están en valores do 82%, polo que volve incidir no comentado anteriormente, ás materias que se presentan as aproban pero hai algunhas das matriculadas que as descartan.

Como pode observarse na seguinte táboa o valor medio da USC (2021-2022) nas tres taxas é maior que o do grao, non obstante, os datos dispoñibles do SIIU (2502236\_INF SIIU\_2021-2022) para o curso 2020-2021 nas Enxeñarías son da mesma orde que os obtidos no GEPQI.

<b>Comparativa das taxas de rendemento, éxito e avaliación nas Enxeñarías, na USC e no GEPQI</b>			
	Taxa de rendemento (%)	Taxa de éxito (%)	Taxa de Avaliación (%)
Enxeñarías (2502236_INF SIIU_2021-2022)*	66,96	78,66	85,13
USC (2502236_MedUSC_2021-2022)	79,09	87,21	90,68
GEPQI	62,83	72,38	86,81
*Datos Curso 2020-2021			

Estes indicadores poden verse afectados por levar estes anos de adaptación da 2ª edición do título, coas modificacións do Plan de Viabilidade, nos que houbo unha acumulación de alumnos repetidores nalgúns materias, mesmo no propio TFG.

### **Taxa de abandono e taxa de cambio.**

A taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G) foi 17,7%, similar ao curso da pandemia (2019-2020) e un pouco máis alta que a media da USC (13,5%). A taxa de abandono RD 1393 é moito máis elevada: 37,5%. Así, mentres a primeira é maior á do curso da pandemia (16,7%), a segunda diminuíu con respecto ao mesmo curso (48,0%), máis a media dos últimos cinco anos é de 23,7%, non moi lonxe da media da USC (21,7%).

Os datos recollidos no SIIU (2502236\_INF SIIU\_2021-2022) para o curso 2020-2021 nas Enxeñarías indican que o título pode chegar a ter unha porcentaxe acumulada de cambio de estudos nos dous primeiros anos de case un 24%, o que sen dúbida non é alleo o feito de que haxa estudantes que inician estudos neste título porque a súa nota das probas de acceso á universidade no lle permitiron estudar o título desexado.

### **Duración media dos estudos:**

A Comisión do Título é perfectamente coñecedora de que algúns estudantes que teñen todas as materias superadas, e aos que tan só lles resta para rematar os estudos o Traballo Fin de Grao, retrasan a presentación do mesmo, sen que ata o momento se coñezan todas as causas deste comportamento. Non obstante, considérase que un resultado de 5,9 anos é axeitado para un título da rama de enxeñaría (5,5 para o curso 2020-2021 (2502236\_INF SIIU\_2021-2022)), máxime se se ten en conta que o valor medio deste indicador na USC é 5,0.

### **Taxas de Graduación e Idoneidade dos egresados:**

As taxa de graduación (20,8%) descende respecto ó curso anterior, e a de idoneidade (19,1%) ascende. As taxas de eficiencia (ou rendemento) e a de éxito dos egresados continúan descendendo (75% e 77%, respectivamente).

A Comisión do Título considera que a disparidade destes indicadores ao longo da serie histórica débese a heteroxeneidade das diferentes cohortes de acceso, por exemplo, á porcentaxe de estudantes procedentes de Formación Profesional que cada ano acceden ó título.

A taxa de graduación tamén está afectada pola implantación da 2ª edición do título, xa que houbo unha acumulación de alumnos repetidores na defensa do TFG.

## **■ Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento**

## Satisfacción do alumnado coa docencia recibida

A enquisa (2502236\_INF.13\_2021-2022) mostra un valor medio de 3,77 sendo este similar á da media dos últimos cinco cursos.

No valor do IN46G destacan as respostas ao “cumpre co programa e o plan de traballo previsto” cun valor de 4,41 e “os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia” (4,28), e reflexando que no conxunto do título lógrase manter un nivel docente/discente axeitado.

A taxa de resposta na enquisa de satisfacción (IN48G) atópase por baixo da media dos últimos anos, se ben a porcentaxe de participación na enquisa é baixa (10,57%. Os resultados das enquisas móstranse na seguinte táboa.

Informe sobre indicador IN46G	17-18	18-19	19-20/1ºS	19-20/2ºS	20-21	21-22
O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?	4,16	4,01	4,13	---	---	4,26
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?	4,22	4,12	4,15	---	---	4,41
Cofecen de antemano os criterios de corrección de exames e/ou traballos?	---	3,82	4,03	---	---	3,88
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?	3,49	3,70	3,46	3,56	3,75	3,38
O material de apoio resúltame útil para a preparación da materia?	3,57	3,71	3,51	---	---	3,36
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia?	3,53	3,71	3,61	3,58	3,67	3,43
O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?	3,63	3,64	3,78	---	---	3,61
Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia?	---	4,02	4,10	---	---	4,28
O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase?	3,49	3,71	3,78	3,63	3,72	3,70
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)?	3,95	4,03	4,15	3,94	3,94	3,94
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/cas estudantes?	3,82	3,97	3,97	---	---	3,99
Consegue facerme ver a relevancia da materia e o seu interese para a miña formación?	3,53	3,69	3,78	---	---	3,65
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade?	3,81	3,85	4,09	---	---	3,93
O/a docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia?	---	3,72	3,81	3,33	3,73	3,64
O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos?	---	3,67	3,63	---	---	3,38
Globalmente estou satisfeito/a co/coa profesor/a da materia?	3,58	3,79	3,63	3,43	3,66	3,58
Considero que hai coordinación entre os distintos profesores da materia?	3,92	---	---	---	---	---
Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións?	3,33	---	---	---	---	---
Os contidos desenvolveron de acordo ao cronograma inicialmente previsto?	---	---	---	4,02	4,11	---
Resólvense as dúbidas que se trasladan?	---	---	---	3,50	3,62	---
Os materiais suministrados serviron de axuda para preparar a materia?	---	---	---	3,48	3,55	---
A carga de traballo foi adecuada aos contidos e créditos da materia?	---	---	---	3,74	3,64	---
A comunicación co/coa docente foi adecuada?	---	---	---	3,60	3,95	---
<b>Valor medio do título</b>	<b>3,71</b>	<b>3,82</b>	<b>3,72</b>	<b>3,62</b>	<b>3,76</b>	<b>3,77</b>

## Satisfacción do profesorado coa docencia impartida

Na enquisa do curso 2021-2022 de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (2502236\_INF.14\_2021-2022) obtén unha valoración de 4,21, sendo maior á dos dous últimos cursos. A participación neste curso tamén foi maior, chegou a un 68,42%. Os resultados preséntanse na táboa adxunta.

Informe sobre indicador IN47G	17-18	18-19	19-20	20-21	21-22
Os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemente das clases?	3,10	3,49	3,61	3,49	3,43
Cofece o nivel de comprensión dos alumnos/as?	4,13	4,00	4,09	4,20	4,15
Globalmente estou satisfeito co traballo realizado polo alumnado?	3,40	3,56	3,72	3,51	3,48
Os estudantes están satisfeitos con meu labor?.	---	3,81	4,00	3,89	3,62
O material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade son adecuados?	4,25	4,56	4,09	4,38	4,31
A coordinación entre materias e niveis do título é adecuada?	4,23	4,34	4,37	4,00	4,27
Estou interesado en recibir formación de apoio para mellorar a miña docencia?	---	4,46	4,25	3,84	4,08
Organizo e estruturo ben as miñas clases?	---	4,68	4,36	4,49	4,54
Informo adecuadamente aos alumnos dos criterios de avaliación?	---	4,90	4,66	4,71	4,87
Son accesible para os estudantes en clases e tutorías?	---	4,95	4,55	4,69	4,71
Manteño un trato correcto cos estudantes?	---	4,87	4,57	4,69	4,87
Estou satisfeito coa titorización do TFG?	---	3,79	4,20	4,29	4,24
En xeral, estou satisfeito coa miña labor docente?	---	4,44	4,23	4,24	4,19
O nivel co que chega o alumno é suficiente para enfrentarse aos contidos da materia?	2,94	---	3,56	3,02	---
Estou satisfeito/a coa relación creada co alumnado nas clases e tutorías?	3,90	---	---	---	---
Os estudantes mostran unha actitude de interese pola materia?	3,25	---	---	---	---
A coordinación entre os distintos profesores da materia foi efectiva?	4,66	---	---	---	---
No centro dispoño dos recursos necesarios para a docencia?	4,40	---	---	---	---
Mantivo unha comunicación adecuada cos estudantes?	---	---	4,52	4,57	---
Estou satisfeito coas ferramentas dispoñibles para a docencia?	---	---	3,22	3,58	---
Experiencia previa en tecnoloxías para a avaliación en remoto?	---	---	3,7	3,89	---
Satisfacción coa docencia non presencial?	---	---	3,69	3,77	---
Satisfacción coa avaliación non presencial?	---	---	3,34	3,15	---
Interesados en recibir formación para a mejora da docencia en novas tecnoloxías (%)	41,0	---	---	---	---
Interesados en recibir formación para a mejora da docencia en apoio didáctico e pedagóxico (%)	38,0	---	---	---	---
<b>Valor medio del título</b>	<b>3,79</b>	<b>4,32</b>	<b>4,03</b>	<b>4,02</b>	<b>4,21</b>

En xeral, as baixas puntuacións están nas respostas relativas á participación, traballo ou o nivel do alumnado.

As ferramentas on-line utilizadas durante a pandemia, seguen usándose no curso 2021-2022, deste modo o emprego destas ferramentas é actualmente usado para outro tipo de actividades académicas de xestión (reunións de departamento, de comisións, xuntas de facultade, etc....).

### Satisfacción do profesorado coa titulación

No curso 2021/2022 (2502236\_INF.23\_2021\_2022), dita enquisa tivo unha taxa de resposta do 51,28%, obtendo un valor medio de 4,11, cunha pouca máis de participación e cun resultado medio similar a do curso pasado. Destacan boas respostas en canto á información que hai do GEPQI ou ao uso do Campus Virtual, ademais da boa atención do persoal de administración e servizos.

As baixas puntuacións van relacionadas coa pouca planificación académica dos estudantes, a irregularidade de asistencia a clase e a non implicación na titulación.

Os resultados da enquisa móstranse na seguinte táboa.

Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	N/A	4.32	4.50	4.45
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos.	N/A	4.26	4.72	4.58
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	3.95	4.33	4.35
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	N/A	3.68	4.35	4.30
O campus virtual facilita a miña labor docente?	N/A	4.22	4.61	4.60
As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	N/A	3.68	4.06	4.00
Os horarios existentes son axeitados?	N/A	3.89	4.44	4.10
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	3.68	4.11	4.25
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	3.89	4.33	4.55
As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	N/A	3.47	4.11	4.00
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos?	N/A	3.83	4.44	4.30
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	N/A	3.63	4.22	4.20
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	N/A	3.74	4.35	4.30
Valora a calidade docente da túa titulación.	N/A	3.89	4.28	4.35
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	N/A	3.37	3.39	3.55
O alumnado acode con regularidade ás clases?	N/A	3.21	3.33	3.15
O alumnado implicase na titulación?	N/A	3.42	3.17	3.15
O alumnado está satisfeito coa titulación?	N/A	3.72	3.82	3.69
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación.	N/A	3.63	4.00	4.11
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Valoración global	N/A	3.76	4.14	4.11
Participación	N/A	40.43%	43.90%	51.28%

### Prácticas Externas. Mobilidade. Indicadores de satisfacción

No curso 2021-2022, recuperouse a mobilidade limitada durante a pandemia, así estiveron no centro cursando a titulación, dúas alumnas como SICUE. E houbo un estudante que estivo en Brasil baixo un convenio bilateral con outras universidades (Informe 5011\_INF.03\_2021-2022).

Con respecto ás prácticas externas, o 53,9% dos alumnos realizaron prácticas externas (IN22G), e dos informes de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas (2502236\_INF.06\_2021-2022) destacan con menos puntuación a duración das prácticas (2,5), pois entenden que deberían ser máis longas. Sen embargo, os alumnos quedan satisfeitos cunha valoración global de 4,33 . O IN19G, resposta a pregunta “Valora a túa satisfacción co período de prácticas externas”, é de 4,5.

Dos titores profesionais de prácticas externas só hai unha enquisa cuberta, das 13 enviadas, cun IN20G de 4, indicando que si volvería ter alumnos en prácticas e que tamén o contrataría; mais o grao de resposta é moi baixo e pode non ser concluínte.

## Informe da enquisa de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas

### Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

#### Prácticas Grao RD 1393/2007

Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Pregunta	Media	Media	Media	Media
A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.).	5.00	N/A	5.00	4.00
A duración das prácticas foi axeitada	5.00	N/A	4.50	2.50
As instalacións e os medios materiais cos que contei na empresa/institución foron axeitados	5.00	N/A	4.50	4.00
A atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada.	5.00	N/A	4.50	5.00
As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira.	4.00	N/A	3.25	4.50
As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as miñas expectativas.	5.00	N/A	3.50	4.50
En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral.	4.00	N/A	4.25	5.00
A información, orientación e atención prestada por parte do/a meu/miña titor/ra académico/a da Universidade foi axeitada.	5.00	N/A	4.75	5.00
Valora a túa satisfacción co teu período de prácticas externas	5.00	N/A	4.00	4.50
Curso académico	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Valoración global	4.78	N/A	4.25	4.33

#### 4. PLAN DE MELLORAS para o curso seguinte

Non se propoñen accións de mellora para o curso 2022-23.

#### 5. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO	
Modificacións	Xustificación da modificación
Non procede	